

5. CONQUISTA E COLONIZACIÓN DE AMÉRICA¹

ORIENTACIÓNS DA CIUG: Nesta pregunta o alumnado debería coñecer os trazos máis significativos do proceso de conquista de América, as principais institucións de goberno e administración do imperio colonial, con mención ás Leis de Indias. Tamén debería explicar os sistemas de explotación dos recursos americanos mediante o uso de mano de obra indíxena (encomenda e mita), así como as consecuencias económicas derivadas desta relación coas Indias (a denominada revolución dos prezos).

Estudo para a PAU: O contido do texto que será obxecto da pregunta 1 son os sistemas de explotación dos recursos humanos (encomenda, mita), as críticas aos mesmos e os intentos de evitar os abusos (Leis de Burgos).

1. MODELO DA CONQUISTA

Tras chegada de Cristóbal Colón a América, iníciase unha intensa época de descubrimentos, colonización e explotación das “novas” terras que deu paso a unha intensa relación comercial da Monarquía Hispánica. A conquista se organiza de xeito privado, a través de acordos aos que os conquistadores chegaban cos monarcas. Estes acordos, chamados capitulacións, consistían en reservar para os conquistadores riquezas e cargos políticos a cambio de que puxeran o novo territorio baixo autoridade da Coroa e que lle entregaran un quinto da riqueza, o denominado quinto real.

2. EXPLORACIÓN E CONQUISTA

Neste proceso podemos distinguir varias etapas diferenciadas que se corresponden coas tres zonas de conquista:

- 1) **Caribe (1492 – 1518):** Teñen lugar as outras tres viaxes de Colón e as de Américo Vespuccio e Alonso de Ojeda conquistándose as Antillas e a costa venezolana. Ponce de León explora a Florida; Núñez de Balboa descubre o Pacífico (1513), e Díaz de Solís o Río da Prata.
- 2) **A grande expansión (1519 – 1540):** Neste período conquístase a maior cantidade de territorio incluíndo os Imperios Azteca e Inca. Carlos I encárgalle a Fernão de Magalhães bordear o continente, empresa que culmina Juan Sebastián Elcano. Hernán Cortés inicia a súa expedición en 1518 e remata conquistando o Imperio Azteca en 1521 tras derrotar as tropas de Moctezuma.

A conquista das terras da rexión andina teñen como principal protagonista a Francisco de Pizarro que comeza as súas incursións en 1523, mais non será até a década de 1530, seguindo o mito de El Dorado, cando consegue derrocar ao Imperio Inca executando á súa cabeza, Atahualpa.

Pedro de Valdivia conquista Chile , Pedro Mendoza o Ría da Prata e Cabeza de Vaca explora California.
- 3) **Pacífico (1541 – 1600):** Nesta etapa Vázquez Coronado internouse en Novo México, Hernando de Soto o Mississippi e Francisco de Orellana navega o Amazonas. Álvaro de Mendaña alcanza as illas da Polinesia e Miguel López de Legazpi conquista as Filipinas.

O proceso de conquista foi relativamente rápido debido á superioridade militar, á debilidade dos imperios conquistados e certas actitudes dos indíxenas. Con todo existiron focos de resistencia por parte das poboacións indíxenas e rexións, sobre todo da selva amazónica, que nunca foi realmente conquistadas.

¹ Para elaborar este texto consulte e utilice material do manual de Historia de España de Anaya (ed. 2023), do blog Faespana [<https://faespana.wordpress.com/2023/09/13/cuestion-a-desenvolver-conquista-e-colonizacion-de-america-as-leis-de-indias-a-revolucion-dos-prezos>] [consultado o 22 de setembro de 2023], un texto do IES Tierra de Ciudad Rodrigo e o material de Andrea Moreno do IES de Teis docs.google.com/document/d/10M-_IKhYBavuZhebsle1tgNJS_qnOoL7BJTaLDCvlgg/edit?tab=t.0.

3. AS NOVAS INSTITUCIÓN S DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Os novos territorios americanos, englobados baixo o nome das Indias, pasaron a depender directamente do rei e quedaron incorporados á Coroa de Castela. Para o seu goberno establecéronse diferentes institucións: a administración central, con sede na Coroa de Castela e a administración territorial en América.

Administración central:

- 1) **Casa de Contratación das Indias Occidentais:** Foi creada en 1503 en Sevilla para controlar o tráfico mercantil, a organización das frota s e o rexistro das entradas de ouro e demais mercadorías de Indias. Era o lugar onde se cobraba o “quinto real”.
- 2) **Consello das Indias:** Foi creado en 1524 e era o órgano consultivo e tribunal de xustiza en causas que afectasen a cargos ou institucións. Do Consello de Indias saían as propostas para nomear os cargos administrativos, xudiciais e militares das Indias. Nas Indias, a autoridade suprema era o vicerrei, que ostentaba a autoridade gobernativa, militar, facendística, administrativa e xudicial, como delegado do rei.

Administración territorial en América:

- 1) **Vicerreinados e vicerreis:** que representan directamente ao rei, acumulaba funcións de gobernador, presidente da Audiencia e capitanía xeral. Creáronse Nova España (1534) e Perú (1542).
- 2) **Audiencias:** tiñan unha función administrativa e xudicial. A primeira foi establecida en 1511. Ao final do s. XVI había un total de 10.
- 3) **Gobernacións:** Territorios ou provincias baixo o mando dun gobernador nomeado polo rei. Estaban subordinadas ás Audiencias. A primeira estableceuse en 1502 e a finais do s. XVII había 37.
- 4) **Cabidos e corrixidores:** Os primeiros tiñan funcións administrativas e municipais de diversa natureza e os segundos eran axentes reais encargados de controlar a vida dos cabidos.

4. LEIS DE INDIAS

As necesidades de gobernación e de regulación da vida política e socioeconómica dos territorios americanos fixeron que tanto os reis como as autoridades locais xerasen diferentes provisións, ordenanzas e leis que conforman, no seu conxunto, o que se coñece como Leis de Indias.

Cabe destacar as Leis de Burgos (1512), nas que se establecía a liberdade da poboación nativa, mais tamén súbdita da Monarquía Hispánica e lexislaba sobre os requirimentos e encomendas. A polémica dos abusos desta poboación por parte dos colonos propiciou a promulgación das Leis Novas de Indias (1542) que, entre outros elementos, prohibían o sistema de encomendas, do que falaremos máis adiante. O corpus lexislativo referente aos territorios americanos da coroa denominouse **Leis das Indias** e foron renovándose sucesivamente até finais do s. XIX.

O debate de base da primeira lexislación das Indias radicaba na natureza humana ou non das poboacións indíxenas das novas terras. O debate pódese personificar nas figuras de Frei Bartolomé de las Casas e Ginés de Sepúlveda. O primeiro, que fora bispo de Chiapas, defendía a racionalidade dos “indios” e avogaba polos seus dereitos fronte aos colonizadores. Sepúlveda defendía a superioridade castelá e, polo tanto, a escravización da poboación indíxena. Finalmente, impúxose a postura de De las Casas. Certo é que se este criticaba o abuso dos encomendeiros casteláns, defendía o comercio de escravos desde África.

5. SISTEMA DE EXPLOTACIÓN

Os novos territorios supuxeron un ingreso de recursos fundamental para a Coroa de Castela, que controlaba todo o comercio a través da Casa da Contratación de Sevilla. Os sistemas de explotación, tanto dos recursos

mineiros como da actividade agrícola, baseáronse na man de obra indíxena e na concesión de terras por parte da coroa. Se ben desde un inicio prohibiuse a escravización destas poboacións, na práctica, as condicións de traballo foron semellantes á escravitude. Entre os sistemas de explotación, destacamos dous.

- 1) **Encomenda:** sistema que consistía na entrega, por parte da Coroa, dunha cantidade de indíxenas aos colonos (encomendeiros) en agradecemento pola súa labor. Os indíxenas traballaban para eles e pagaban tributos, en troca da súa protección, evanxelización e instrución. Os indíxenas non recibían un salario fixo, e nun primeiro momento foi vitalicia. Este sistema foi empregado, sobre todo, nas labores agrícolas e gandeiras, no vicerreinato de Nova España, maioritariamente.

Este sistema derivou en situacións de abusos denunciados reiteradamente, sobre todo por algúns relixiosos como frai Bartolomé de las Casas. As Lei de Burgos de 1512 limitan o poder dos encomendeiros. A partir deste momento, os nativos só debían traballar legalmente 2 anos e non debían ser maltratados. Nas Leis Novas de 1542 a encomenda foi prohibida e substituída polos “repartimentos”, que seguían a ser un sistema de asignación de nativos a cada colono pero nunha modalidade máis flexible e onde os nativos cobraban un salario. Con todo, a realidade da explotación dos recursos non se axustaba ao marco legal.

- 2) **Mita:** Foi un sistema de traballo obrigatorio de orixe Inca polo cal a poboación indíxena estaba obrigada a prestar servizo de traballo nas minas por un tempo determinado. Aplicouse, sobre todo, no virreinato de Perú e para a explotación das minas de Potosí, de prata, e Huancavelica, de azougue. Tamén houbo mita para traballos na agricultura, na construción de infraestruturas e en talleres. As condicións de traballo da mita eran extremadamente duras. Aínda que a coroa tiña a obriga de alimentar e pagar aos miteiros e á súa familia, resultaba unha man de obra practicamente gratis para a coroa. A mita colonial aboliuse nas Cortes de Cádiz de 1812.

6. IMPACTO ECONÓMICO

O impacto económico da ocupación e explotación das novas terras foi determinante no devir da historia Europea da época moderna. Houbo un intercambio de produtos agrícolas que modificaron os sistemas de cultivo e a produción agraria nos dous continentes. O millo, pataca, tabaco, cacao ou o tomate viaxaron cara oriente e a vide, cana de azucre e diversos cereais fixérono cara occidente modificando o agro.

Nos séculos XVI e XVII tivo lugar en Europa e, en especial na Coroa de Castela, un progresivo proceso inflacionista coñecido como a **revolución dos prezos**. Nun período de 150 anos, os prezos sextuplicáronse. Diversos autores asocian esta subida á chegada masiva de metais preciosos a Europa.

A explotación americana tamén contribuíu a financiar a política exterior da coroa de Castela. Isto é, sufragar os gastos da expansión territorial e das numerosas fronteas bélicas abertas no seo da Monarquía Hispánica. Neste sentido, unha grande parte destas importacións servirán para saldar as débedas con banqueiros alemáns e xenoveses que financiaban os gastos da coroa a altos xuros. Por outro lado, a repercusión deste “tesouro” americano na economía produtiva foron escasos, xa que a riqueza que non rematou nas mans de banqueiros europeos, foi improdutivamente investida en gastos de prestixio, alfaias e bens de luxo importados.

A Coroa de Castela tiña o monopolio do comercio con América a través da Casa de Contratación de Sevilla. Con todo, a incapacidade produtiva da escasa industria castelá e a potencia comercial e manufactureira de países como Inglaterra, Flandres ou Francia resultaron nunhas cifras de comercio de produtos casteláns moi escasas. A finais do s. XVII, de todo o exportado legalmente desde Europa a América a través de Sevilla, a Monarquía Hispánica só participa do 5%. Dito sexa, que a actividade ilegal de contrabando calcúlase en igual volume que a legal.

7. IMPACTO NA POBOACIÓN NATIVA²

A chegada da ao continente americano tivo, tamén, evidentes efectos na poboación local. Podemos sintetizar estes efectos en

- 1) **Demográficos:** A colonización supón a diminución drástica da poboación. Calcúlase que até o 90% da poboación precolombina morreu no primeiro século de ocupación. A principal causa da morte serán as enfermidades euroasiáticas levadas polos colonizadores agravadas polas condicións de vida impostas polos colonizadores. Os enfrontamentos e sistema de explotación colonial foron, tamén, factores fundamentais.
- 2) **Políticos:** o s. XVI supón a desaparición dos grandes imperios precolombinos como o Azteca ou Inca e imposición dun novo sistema político, xurídico e administrativo.
- 3) **Económico:** A chegada de novos produtos agrícolas e gandeiros transformou a economía agraria e o inicio da extracción masiva de metais preciosos supuxo a especialización de parte da economía. En termos comerciais, até o s. XVIII a práctica totalidade dos produtos manufactureros proviñan de Europa, polo que a economía produtiva tardou en desenvolverse no continente americano.
- 4) **Social:** A presenza dunha nova elite social e a política de mestizaxe levada a cabo polos colonizadores transformou os grupos sociais: crioulos (descendentes de casteláns), mestizos (descendentes de europeos e nativos), mulatos (descendentes de europeos e africanos negros), poboación nativa e a escrava. Malia este mestizaxe racial, foise consolidando unha sociedade profundamente desigual onde os crioulos acaparaban as riquezas e os postos na administración.
- 5) **Cultura:** Non só a morte física de poboacións enteiras, senón a imposición dun novo credo supuxo a perda cultural de centos de grupos étnicos presentes na colonización europea.

O proceso de exploración, conquista e explotación dos novos territorios americanos é unha das bases para o desenvolvemento da Monarquía hispánica desde o s. XVI. Aquela viaxe comandada polo almirante Cristóbal Colón cambiaría o devir histórico de Castela e, tamén, o das poboacións do “novo” continente.

² Este apartado non entra no exame da PAU.